




Sinatura do alcalde,



Sinatura do secretario,



**ACTA 2017/09 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 09/11/2017**

No salón de plenos da Casa do Concello, ás 9:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel –alcalde– (PSdeG-PSOE).
- 2 Leira Piñeiro, Antonio (PSdeG-PSOE)
- 3 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 4 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 5 Boo Martínez, Vanessa (PSdeG-PSOE)
- 6 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 7 Rey Villaverde, Luis (PSdeG-PSOE)
- 8 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 9 Iglesias Blanco, Josefina (PP)
- 10 Suárez García, Silvia (PP)
- 11 Mosquera Boo, José Carlos (PP)
- 12 Mirás Llñares, Manuel Siverio (SON-ANOVA)
- 13 Pérez Penas, José Manuel (BNG)

Actúa como secretario do Pleno o secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo. Asiste o interventor titular da Corporación D. Félix Manuel Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA:

**I PARTE RESOLUTORIA**

- 1 Aprobar se procede a ratificación do carácter urgente da presente convocatoria.
- 2 Aprobar se procede a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da Taxa por abastecemento de auga potable.
- 3 Aprobar se procede a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da Taxa por saneamento de auga.
- 4 Aprobar se procede a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Orosa.
- 5 Aprobar a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Orosa.
- 6 Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2016.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira e comeza a tratar a continuación os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

**I PARTE RESOLUTORIA**

1. Aprobar, se procede, a ratificación do carácter urgente da presente convocatoria.

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

O Sr. Alcalde-Presidente da Corporación somete o carácter urxente da presente convocatoria á votación e ao Pleno por:

Votos a favor: trece (7 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 de SON-ANOVA e 1 do BNG).  
 Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións: ningunha (0 votos).

Aproba o carácter urxente da presente sesión.

## **2 Aprobar se procede a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da Taxa por abastecemento de auga potable.**

Logo de ver a proposta de acordo asinada electrónicamente polo Alcalde con data de 06/11/2017 en relación ao expediente nº 2017/X999/000097 e que di:

“Considerando a providencia de alcaldía de data 6 de novembro do presente sobre a incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa do servicio de abastecemento de auga potable.

Visto o informe favorable de intervención de data 6 de novembro.

A modificación proposta é consecuencia do cumprimento do contrato de xestión de servicios públicos formalizado coa empresa Viaqua, S.A., co fin de manter o equilibrio económico-financeiro do contrato, nos termos previstos na oferta económica presentada pola empresa, aumentando as tarifas nun 1,8 % que corresponde o IPC interanual publicado polo INE a data de hoxe.

O Alcalde do Concello de Orosa, conforme ó disposto no artigo 57 da Lei reguladora das Facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello. a adopción do seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa por Abastecemento de Auga Potable segundo o seguinte detalle:

### **“ARTIGO 3. TARIFAS**

#### *Aboados domésticos*

De 0 a 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,379362647€/m <sup>3</sup>
Más de 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,478148095€/m <sup>3</sup>

#### *Aboados industriais*

De 0 a 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,379362647€/m <sup>3</sup>
Más de 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,557839436€/m <sup>3</sup>

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2018 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.”*

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

2º) Abrir un período de exposición pública de 30 días mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial de A Coruña, transcorrido o cal, e de non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobada.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

D. José Manuel Pérez Penas (BNG) indica que se remite ao xa indicado na Comisión Informativa sobre este asunto.

Ao non existiren máis intervencións, o Sr. Alcalde dá por rematado o debate e somete a proposta de acordo á votación e ao Pleno por:

Votos a favor: trece (7 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 SON-ANOVA e 1 do BNG).  
Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa por Abastecemento de Auga Potable segundo o seguinte detalle:

### “ARTIGO 3. TARIFAS

#### Aboados domésticos

De 0 a 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,379362647€/m <sup>3</sup>
Más de 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,478148095€/m <sup>3</sup>

#### Aboados industriais

De 0 a 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,379362647€/m <sup>3</sup>
Más de 10 m <sup>3</sup> /mes.....	0,557839436€/m <sup>3</sup>

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó dia 1 de xaneiro de 2018 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.”

### 3. Aprobar se procede a modificación da Ordenanza Municipal reguladora da Taxa por saneamento de auga.

Logo de ver a proposta de acordo asinada electrónicamente polo Alcalde con data de 06/11/2017 en relación ao expediente nº 2017/X999/000096 e que di

“Considerando a providencia de alcaldía de data 6 de novembro do presente, polo que inicia o expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa polo servicio de sumidoiros.

Visto o informe favorable de data 6 de novembro de intervención.

O Alcalde do Concello de Orosa, conforme ó disposto no artigo 57 da Lei reguladora das Facendas locais co fin de manter o equilibrio económico-financeiro do contrato, nos termos previstos na oferta económica presentada pola empresa, polo que se procede

o incremento das tarifas no 1,8 %, que é o aumento do IPC interanual a data de hoxe, propón á consideración do Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servicio de Sumidoiros e Depuración, segundo o seguinte detalle:

#### "ARTIGO 5. TARIFAS

*Fixanse as seguintes tarifas:*

*a) Aboados do servicio de auga*

*Aboados domésticos*

*De 0 a 10 m<sup>3</sup>/mes ..... 0,331229599€/m<sup>3</sup>  
Más de 10 m<sup>3</sup>/mes ..... 0,417418244€/m<sup>3</sup>*

*Aboados industriais*

*De 0 a 10 m<sup>3</sup>/mes ..... 0,331229599€/m<sup>3</sup>  
Más de 10 m<sup>3</sup>/mes ..... 0,487695165€/m<sup>3</sup>*

*b) Aboados só ó servicio de saneamento*

*Cota trimestral: 9,944843889€/trimestre*

*c) Limpeza fosas sépticas*

*Por limpeza: 39,779375452€ limpeza*

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2018 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.”*

2º) Abrir un período de exposición pública de 30 días mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial de A Coruña, transcorrido o cal, e de non presentarse alegacións entenderase aprobada definitivamente.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

Ao non existiren intervencións, o Sr. Alcalde dá por rematado o debate e somete a proposta de acordo á votación e ao Pleno por:

Votos a favor: trece (7 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 SON-ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servicio de Sumidoiros e Depuración, segundo o seguinte detalle:

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo

**"ARTIGO 5. TARIFAS***Fixanse as seguintes tarifas:**a) Aboados do servicio de auga**Aboados domésticos**De 0 a 10 m<sup>3</sup>/mes..... 0,331229599€/m<sup>3</sup>**Más de 10 m<sup>3</sup>/mes..... 0,417418244€/m<sup>3</sup>**Aboados industriais**De 0 a 10 m<sup>3</sup>/mes..... 0,331229599€/m<sup>3</sup>**Más de 10 m<sup>3</sup>/mes..... 0,487695165€/m<sup>3</sup>**b) Aboados só ó servicio de saneamento**Cota trimestral: 9,944843889€/trimestre**c) Limpeza fosas sépticas**Por limpeza: 39,779375452€ limpeza****DISPOSICIÓN FINAL***

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2018 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.”*

**2º) Abrir un período de exposición pública de 30 días mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial de A Coruña, transcorrido o cal, e de non presentarse alegacións entenderase aprobada definitivamente.”**


**4. Aprobar se procede a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Orosa.**

Logo de ver a proposta de acordo asinada electrónicamente polo Alcalde con data de 06/11/2017 en relación ao expediente nº 2017/X999/000084 e que di:

“LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 3 de novembro de 2017 polo que se procede a ordenar a apertura de procedemento de aprobación da ordenanza reguladora do prezo público por prestación do servizo de axuda no fogar.

LOGO DE VER o informe favorable da intervención municipal de data 3 de novembro.

O Alcalde-Presidente do Concello de Orosa, conforme o disposto no artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Patrimonio a adopción do seguinte acordo:



1º) Aprobación inicial da ordenanza reguladora do prezo público por prestación do servizo de axuda no fogar, segundo anexo.

2º) A apertura dun período de exposición pública de trinta días mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, tralo cal, de non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobada, procedéndose a súa publicación íntegra no mesmo Boletín.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

Ao non existiren intervencións, o Sr. Alcalde dá por rematado o debate e somete a proposta de acordo á votación e ao Pleno por:

Votos a favor: trece (7 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 1 SON-ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobación inicial da ordenanza reguladora do prezo público por prestación do servizo de axuda no fogar, segundo anexo.

2º) A apertura dun período de exposición pública de trinta días mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, tralo cal, de non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobada, procedéndose a súa publicación íntegra no mesmo Boletín.”

#### ORDENANZA PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

##### 1. FUNDAMENTO LEGAL


- 1.1. O Concello de Orosó, facendo uso das facultades recoñecidas no art. 106 da Lei 7/1985, 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local e ao amparo dos artigos 41 e 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, establece o prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, cuxas normas reguladoras atópanse na presente Ordenanza.

##### 2. CONCEPTO

- 2.1. Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constituen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios do servizo de Axuda no Fogar na súa modalidade básica, entendido como un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenrollo e a permanencia no seu entorno habitual que comprenderá as seguintes atencións:
  - a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
  - b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora da contorna das persoas usuarias e da súa familia. No seu caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandería e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos.

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

- 
- 
- c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urgentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
  - d) Ademais, as atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.

2.2. O servizo comprenderá as dúas modalidades de acceso previstas na lexislación sectorial:

- a) Modalidade de acceso directo a través do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia de Galicia (SAAD)
- b) Modalidade de acceso polo sistema de libre concorrenza

### 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

- 3.1. Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza, aqueles usuarios recollidos no regulamento de servizo que se beneficien das actividades prestadas por este concello a que se refire o artigo anterior.
- 3.2. Se os usuarios non tivesen plena capacidade de obrar, estarán obrigados ao pago, os pais, titulares e, en xeral, aquelas persoas que ostentan a representación legal dos usuarios.

### 4. CONTÍA

- 4.1. De conformidade co disposto no artigo 47 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, corresponderá á Xunta de Goberno Local a fixación das tarifas por hora a satisfacer polos usuarios en función do custe que supón para o concello a prestación do servizo e os límites previsto no artigo 44 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais.

### 5. BONIFICACIÓNS

- 5.1. Aplicarase ás contías establecida no artigo anterior a porcentaxe de bonificación previsto no Regulamento do Servicio e a normativa autonómica sectorial en función da capacidade económica do usuario e a tipoloxía de servizo prestado.

### 6. PERÍODO IMPOSITIVO E NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

- 6.1. O período impositivo das tarifas do prezo público polos conceptos recollidos no artigo 4 desta ordenanza será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga de pago no momento no que se leve a cabo a prestación dos servicios correspondentes.

### 7. NORMAS DE XESTIÓN

- 7.1. O cobro das tarifas do prezo público xestionarase a partires dun padrón constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, tarifas aplicables coas bonificacións correspondentes e número efectivo de unidades de prestación do servizo no período, o cal será aprobado mensualmente dentro dos dez días seguintes á finalización do período



Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

impositivo correspondente e publicándose anuncio no taboleiro municipal de edictos.

- 7.2. O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a publicación do anuncio de aprobación do correspondente padrón, transcorrido o cal as contías devindicadas poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento.
- 7.3. O medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados ao pago, producíndose o cargo dentro dos dez primeiros días dende a aprobación do Padrón correspondente.
- 7.4. A falta de disponibilidade ou ausencia dos usuarios no domicilio non comunicada nos prazos previstos no regulamento do servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento, así coma a o desistimento ao servizo mentres non se formalice a solicitude de baixa correspondente por escrito ante o rexistro municipal, a cal causará efectos no período impositivo seguinte, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integral no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### 5. Aprobar a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Oroso.

Logo de ver a proposta de acordo asinada electrónicamente polo Alcalde con data de 06/11/2017 en relación ao expediente nº 2017/X999'000085 e que di:

"Logo de ver a necesidade de que o Concello de Oroso, como consecuencia do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 30/12/2016 proceda a recuperar a competencia delegada á favor da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes en materia de servizos sociais comunitarios básicos que pasarán a ser prestados polo Concello de Oroso a partir de que transcorra 1 ano a contar desde a notificación do acordo á citada Mancomunidade.


Considerando que o citado acordo foi notificado á Mancomunidade con data de 04/01/2017 polo que a partir do 04/01/2018 o Concello terá que pasar a prestar entre outros o servizo de axuda no fogar que require da necesaria regulación a través da correspondente Ordenanza Reguladora.

Considerando que as actuais restricións en materia de contratación de persoal impostas polas sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado impiden que se poida plantear actualmente a posibilidade de xestionar directamente o servizo polo que aboca á prestación indirecta de tal servizo.

Tendo en conta que o borrador de Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Oroso estivo exposta ao público por prazo de 15 días hábiles mediante a súa publicación no portal de transparencia do Concello para que conforme establece



Manuel Mirás Franqueira



Federico Suárez Cancelo

o artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, calquera interesado puidera durante o citado prazo realizar calquera tipo de alegación, achega ou suxestións sen que se teña constancia da presentación dalgunha.

Logo de ver o informe favorable emitido polo Secretario do Concello con data de 06/11/2017 e tendo en conta que a competencia para a aprobación inicial do mesmo lle corresponde ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, pola presente tendo en conta o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, propónse á consideración do Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar a prestación indirecta do servizo de axuda no fogar do Concello de Orosa.

**SEGUNDO:** APROBAR INICIALMENTE a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Orosa co seguinte contido:

**ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO  
CONCELLO DE OROSO**


**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Régime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolle aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II do Título I, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlle un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Personal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fixose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.



O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, disponer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faiase necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos modifica a regulación co copagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrenza.

A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012.


En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Orosó, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

## CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

### 1. Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Orosó

### 2. Ámbito de aplicación



O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de O Rosal

### 3. Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supón un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelhas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.


Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

### 4. Contido do servizo


1. Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, no cal se recollerá o contido particular das atencións que se prestarán, a programación temporal da prestación, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.
2. Sen prexuízo da execución de todas as tarefas contidas no dito acordo, o conxunto de atencións do SAF terá un carácter de apoio e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu medio inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

**OROSO**



3. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:
  - a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, tales como:
    - a.1) Asistencia para levantarse e deitarse.
    - a.2) Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
    - a.3) Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
    - a.4) Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
    - a.5) Apoyo para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
    - a.6) Apoyo a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
    - a.7) Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
  - b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria:
    - b.1) Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
    - b.2) Apoyo en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
  - c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia , tales como:
    - c.1) Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
    - c.2) Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
    - c.3) Preparación dos alimentos.
    - c.4) Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoaval doméstico.
    - c.5) Apoyo á unidade familiar.
    - c.6) Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.
  - d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

- 
4. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:
    - a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
    - b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou disponible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
    - c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleassistencia e similares.
    - d. Adaptacións funcionais do fogar.
    - e. Servizo de podoloxía.
    - f. Servizo de fisioterapia.
    - g. Terapia ocupacional.
  5. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescripción técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.
  6. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.
  7. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
    - a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
    - b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

## 5. Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo

socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora a diversas situacóns de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

#### **6. Requisitos xerais das persoas destinatarias para acceder ao servizo**

Son requisitos xerais para ter acceso ao servizo, sendo motivo de denegación o seu incumprimento:

1. Estar empadroada e ter residencia efectiva no concello de Orosó
2. Estar dentro dalgún dos grupos de persoas destinatarias do artigo anterior.
3. Acadar a puntuación mínima esixida segundo o baremo establecido para o SAF de libre concorrencia ( anexo 3 )
4. Residir nunha vivenda que teña condicións de habitabilidade mínimas , que posibiliten a prestación do servizo nunhas condicións de salubridade aceptables. En caso de non reunir as anteditas condicións recibirá o apoio e asesoramento dos servizos sociais comunitarios de Orosó para melloralas e favorecer o acceso ao servizo.
5. Non ter dereito a recibir este servizo de ningunha outra entidade (MUFACE, ISFAS, etc.)
6. No caso do Servizo de Axuda no fogar por libre concorrencia, que este servizo sexa valorado como idóneo polos servizos sociais de Orosó mediante o informe social coa debida proposta.

Para a realización do diagnóstico social terase en conta ademais da situación persoal e socioeconómica a existencia ou non de familiares obrigados legalmente a prestarles auxilio. Na valoración desta obriga considerarase en todo caso a súa dispoñibilidade ,a capacidade e a posibilidade real de prestarlle as atencións obxecto deste servizo.

7. No caso do servizo polo Sistema de Autonomía persoal e Atención a Dependencia, estar valorada como persoa en situación de dependencia pola Xunta de Galicia en calquera dos seus graos segundo a disposición final primeira da lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia , e ter asignado o Servizo de Axuda no Fogar na correspondente resolución do PIA , conforme o establecido no Decreto 148/2011 do 7 de xullo.

#### **7. Dereitos das persoas usuarias**



As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle reconócen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito ágil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

#### **8. Deberes das persoas usuarias**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.




Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo


- 
- 
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
  4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
  5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
  6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
  7. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
  8. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen un cambio na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
  9. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

No caso de que persoa usuaria se ausente do domicilio durante o horario establecido para á prestación do servizo e non comunicase coa suficiente antelación tal circunstancia ao concello, computáraselle a primeira hora ou fracción de tempo concedida de prestación do servizo aos efectos do pagamento.

10. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

#### 9. Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:
  - a. A renuncia da persoa usuaria.
  - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
  - c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
  - d. Falecemento da persoa usuaria.

  
Manuel Mirás Franqueira  
Federico Suárez Cancelo


- e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
  - f. A falta reiterada de pagamento do servizo.
  - g. A suspensión temporal do servizo que supere o período máximo de tres meses para as persoas usuarias do servizo polo sistema de libre concorrenza e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia.
  - h. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
  - i. No supostos de acceso pola vía de urxencia , a non presentación de documentación preceptiva e obligatoria .
2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán reflectirse no expediente individual, mediante un novo informe social.
3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para dictar resolución de Programa Individual de Atención.

#### **10. Causas de suspensión temporal do servizo**

A suspensión do servizo de axuda no fogar suporá únicamente que a persoa usuaria terá reservada a praza durante o tempo que dure a mesma. Esta reserva non garante a posibilidade de manter o horario inicial, nin á persoa auxiliar asignada, quedando a expensas da dispoñibilidade de servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo as que seguen:

- 1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrenza e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.



2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a undereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Esta suspensión requirirá a tramitación do correspondente expediente e informe motivado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal.

### 11. Incompatibilidades

A modalidade de acceso ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrenza e a modalidade de acceso polo Sistema de Atención a la Dependencia son incompatibles entre elas.

## CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

### SECCIÓN Iº. DISPOSICIONES COMÚNS

#### 12. Formas de prestación do servizo

1. O servizo público de axuda no fogar prestarase polo concello de Oroso ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.
2. No obstante a súa natureza de servizo público, non impide que as entidades privadas poderán realizar a prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos.
3. As entidades privadas non poderán subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal as atencións de carácter básico, regular e continuado, realizadas no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, así como as que non teñan carácter regular, as que se poidan executar fóra do domicilio ou sexan un reforzo das atencións básicas.
4. O servizo público de SAF poderá ser prestado mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### 13. Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

universitaria na área de servizos sociais. O seu número e dedicación virá determinado pola normativa autonómica na materia.

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión das titulacións que estableza a normativa autonómica vixente en cada momento.
3. Deberá existir unha coordinación efectiva entre os servizos sociais comunitarios básicos do concello de Oroso e a entidade privada prestadora do servizo. Para tal efecto existirá un protocolo de comunicación, coordinación e seguimiento do servizo.

O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondiente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Oroso, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
  - a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
  - b. Un proxecto de intervención, asinado pola persoa técnica responsable e que recollerá como mínimo o contido do anexo 6 desta ordenanza.
  - c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Oroso e a persoa usuaria, e que recollerá como mínimo o contido do anexo 5 desta ordenanza.
  - d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral como mínimo, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **SECCIÓN 2º DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **14. Modalidades de acceso ao servizo,**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase a través dos servizos sociais comunitarios do concello de Oroso de acordo co seguinte:

#### **14.1 Modalidade de acceso directo a través do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia de Galicia ( SAAD)**

O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (P.I.A), e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prxstacóns do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Orosó cando sexa o caso, dará a alta ás persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no Programa de Asignación de Recursos (P.A.R.).

As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

#### 14.2. Modalidade de acceso polo sistema de libre concorrenza

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, o acceso ao servizo, resloverase en réxime de libre concorrenza, segundo o seguinte procedemento, que terá un prazo máximo para resolver será de tres meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro de entrada do concello.

O procedemento iniciarase a instancia de parte mediante a presentación da solicitude, segundo o anexo 1 desta ordenanza, no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e de ser o caso das persoas que convivan no mesmo domicilio.
2. Cando a persoa solicitante sexa un menor de idade, ou cando existan menores de idade na unidade de convivencia, copia compulsada do libro de familia.
3. Acreditación da persoa representante, no seu caso.
4. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
5. Informe médico de condicións de saúde emitido por un profesional do Servizo Galego de Saúde segundo o ANEXO II
6. De ser o caso, Informes complementarios e emitidos polos profesionais doutras administracións públicas que traten habitualmente á persoa solicitante, entidades e asociacións sen ánimo de lucro no ámbito da discapacidade
7. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
8. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
  - Certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de Nivel de Renda de cada un dos membros da unidade de convivencia maior de idade, ou no caso que no se estivese obrigado a presentar a declaración do IRPF segundo a normativa correspondente, certificado de

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

imputacións de renda declarados por terceiros expedido pola mesma Axencia. Os certificados achegados non poderán ter una antigüidade maior de un mes dende a data de presentación da solicitude. Se o solicitante así o autoriza mediante impreso previsto no Anexo 7, o concello poderá solicitar telemáticamente os devanditos certificados.

- Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.
- Documentación acreditativa do patrimonio na que se detalle o conxunto das súas titularidades de bens e dereitos de contido económico
- Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
- Certificado bancario de depósitos, valores e saldos de contas do último trimestre do ano ou a 31 de decembro do ano anterior
- Qualquer otra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

O Concello consultarán os datos referidos a residencia e a convivencia da persoa solicitante

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias; en caso de non facelos, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- a. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo 3
- b. O departamento de Servizos Sociais elaborará un informe social e proposta segundo o anexo 4, no que se determinará entre outros aspectos:
  - i. Puntuación acadada segundo o baremo
  - ii. Cálculo da capacidade económica do usuario segundo as regras previstas nesta ordenanza.
  - iii. Proposta de número de horas de mensual e duración da prestación.
- c. Darase traslado do expediente á Intervención municipal aos efectos de certificar crédito suficiente para fazer fronte as obrigas económicas derivadas da prestación proposta.
- d. Unha vez completados todos os trámites, o expediente será elevado á Alcaldía-Presidencia o concellería delegada no seu caso para ditar a corresponde resolución, a cal poderá ser:



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo

- i. Desfavorable de acceso ao servizo, por non cumprires os requisitos previstos nesta ordenanza ou non achegar a documentación precisa.
- ii. Favorable e de alta ao servizo, no suposto de que de conformidade co informe social e a certificación de crédito da Intervención municipal a solicitude cumpra os requisitos para ao acceso ao servizo e exista consignación orzamentaria suficiente.
- iii. Favorable e de inclusión na lista de agarda, no suposto que de conformidade co informe social a solicitude cumpla os requisitos para ao acceso ao servizo pero de conformidade coa certificación emitida pola Intervención municipal non existise consignación orzamentaria suficiente.
- e. Notificarase ao usuario a correspondente resolución de conformidade coa normativa de procedemento administrativo.
- f. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, o órgano competente resolverá o expediente, á vista do informe e da proposta do persoal técnico de traballo social e previa certificación de crédito da Intervención. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia.

Enténdese como situación de extrema e urxente necesidade aquela non prevista, que se presenta de súpito, que supón un grave perigo para a seguridade e o benestar físico da persoa usuaria por desatención, como son as altas hospitalarias sen rede de apoio, os ingresos hospitalarios da persoa coidadora habitual.

O procedemento de urxencia terá validez como norma xeral durante un mes transcorrido o cal producirase a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria. No obstante poderá prorrogarse excepcionalmente outro mes cando se mantenga a situación desencadéante da emerxencia e sexa previsible nese prazo a resolución da situación ou o acceso a outro recurso idóneo.

O acceso pola vía de urxencia non exime da achega con posterioridade á data de alta no servizo, da documentación preceptiva e obligatoria e do pagamento do prezo público segundo a súa capacidade económica. O prazo de presentación da dita documentación será de 20 días contados dende a data de alta no servizo.

#### **15. Xestión da lista de agarda do sistema de libre concorrenza**

Formarán parte da lista de agarda do sistema de libre concorrenza todos aqueles usuarios aos que de conformidade co disposto no artigo anterior se lle recoñecese o dereito de prestación do servizo pero no seu momento non existise consignación orzamentaria adecuada e suficiente para o financiamento do servizo.

No caso de que o usuario pasara a integrarse na lista de agarda, a orde de prioridade virá determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde de entrada da demanda.

No momento de existires consignación orzamentaria, acreditada mediante a certificación de existencia positiva de crédito da Intervención municipal, a proposta do Servizo de Servicios Sociais, mediante a correspondente resolución do órgano competente ditarase a alta ao servizo.

Se a persoa beneficiaria supera 1 ano na listaxe de agarda, antes de proceder á súa alta como usuario do servizo, será preceptiva unha nova valoración da situación, requirindolle dende o departamento de servizos sociais a documentación que se xulgue necesaria.

## 16. Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de inicio do servicio será como máximo de sete días contados:

- a. Para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, dende que a persoa usuaria lle corresponde o acceso ó servizo dende o Programa de Asignación de Recursos.
- b. Para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia dende que se dita a resolución de alta por parte do órgano competente. No suposto de que o usuario estivese na lista de agarda do servizo, computarase dende a resolución de alta no servizo

Para as persoas ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días dende a presentación da solicitude.


2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo 5 desta ordenanza.

**OROSO**



5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo 6 desta ordenanza, que deberá conter como mínimo: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.
6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. A persoa usuaria recibirá un informe coas horas efectivamente prestadas no mes anterior a efectos do pagamento da taxa pola prestación do servizo.

Se non estivese conforme cos datos contidos no antedito informe, a persoa usuaria poderá presentar alegacións por escrito. O prazo para alegar é de 10 días que se contarán dende o día seguinte á recepción da comunicación.

9. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación.
10. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

#### **17. Intensidade na prestación do servizo**

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana., festivos incluídos.
3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescripción efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo


4. En todo caso a prestación do servizo polo sistema de libre concorrenza será de luns a venres no horario comprendido de 7:00 a 22:00 horas, excluídas as fins de semana e os festivos.
5. Como norma xeral para o sistema de libre concorrenza, non poderá superarse 40 de horas ao mes de atención, salvo situacións declaradas extraordinarias logo da valoración técnica da persoa coordinadora.

**18. Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia**

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia. (artigo 59 Decreto 99/2012)
2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, así como a participación no custo do servizo, de conformidade co artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

**19. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo polo sistema de libre concorrenza e doutros servizos que impliquen copagamento**

1. No servizo de axuda no fogar prestado a persoas coas unidades de convivencia do servizo polo sistema de libre concorrenza e doutros servizos que impliquen copagamento o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos criterios establecidos no artigo 60 do Decreto 99/2012 ou norma autonómica que a poida substituír.
20. Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar



1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. Nos demais supostos, aplicarase as regras e porcentaxes de copagamento establecidos no artigo 61 do decreto 99/12 da Xunta de Galicia ou normativa que a poida substituir en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado.
3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou presiación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidad expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidad a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.
4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.
5. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido aplicarase o establecido no artigo 61.4 do decreto 99/12 da Xunta de Galicia ou normativa que a poida substituir en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado.

## **21. Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrenza, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 19 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor do 0,80 IPREM	0%
Maior do 0,80 e menor ou igual a 100 % IPREM	15%
Maior do 100 % e menor ou igual a 150 % IPREM	20%
Maior do 150 % e menor ou igual a 175 % IPREM	25%
Maior do 175 % e menor ou igual a 200 % IPREM	35%
Maior do 200 % e menor ou igual a 215 % IPREM	50%
Maior do 215 % e menor ou igual a 250 % IPREM	70%
Maior do 250 % IPREM	90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso, establecerase un límite máxime de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **22. Renovación anual do servizo de axuda no fogar por libre concorrenza**

Anualmente, farase unha revisión anual de todas as persoas beneficiarias do servizo polo Sistema de Libre concorrenza, a fin de determinar se cumple as condicións para a continuidade do mesmo e de calcular novamente a porcentaxe de participación no custe do servizo, tendo en conta as posibles variacións.

Para esta revisión, as persoas beneficiarias deberán presentar dentro do mes que cada ano se estableza, preferiblemente no primeiro trimestre do ano a documentación establecida no artigo 14.2.a), agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

De non achegar a documentación requirida por causa imputable a persoas usuarias, procederanse a extinción do servizo.

#### **23. Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

#### **24. Réxime de cobro dos prezos públicos**

Estarase ao disposto na ordenanza reguladora do preço público pola prestación dos servicios descritos nesta ordenanza para todo o referente ao seu importe, devindicación, xestión e cobro dos mesmos.

#### **25. Infraccións e sancións**



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagamentos pola Lei 58/2003 Xeral Tributaria, do 17 de decembro, e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pieno da corporación e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

<b>Anexo 1-</b>
<b>A</b>

#### **SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

<b>NOME E APELIDOS:</b>	DNI/NIE:
<b>ESTADO CIVIL</b>	TARXETA SANITARIA
<b>ENDEREZO:</b>	<b>TELÉFONOS:</b> Fixo: Móbil:

#### **DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE OU GARDADOR DE FEITO**

<b>NOME E APELIDOS</b>	DNI:
<b>ENDEREZO:</b>	<b>TELÉFONOS:</b> Fixo: Móbil:

#### **DATOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA**

<b>NOME E APELIDOS</b>	DNI	<b>DATA DE NACIMENTO</b>	<b>PARENTESCO</b>

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo


**DECLARO:**

- 1.Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se achegan é verdadeira , non existindo omisión de datos e que autorizo ao Concello de Orosó para que realice as consultas necesarias de ficheiros públicos para os efectos de comproba- la veracidade dos datos declarados
- 2.- Que coñezo as posibles responsabilidades administrativas existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar o servizo que solicito.
- 3.-Que se despois de presentar esta solicitude, se produce algunha variación da miña situación persoal, familiar ou económica, así como das persoas coas que convivo. comunicareille estes cambios ao Concello de Orosó

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE:**



Sinatura do secretario,  
Federico Suárez Cancélo

- SOLICITUDE SEGUNDO MODELO ANEXO 1.A
- FOTOCOPIA DO DNI DA PERSOA SOLICITANTE E DO RESTO DOS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
- ACREDITACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE ,DE SER O CASO
- FOTOCOPIA DA TARXETA SANITARIA DA PERSOA SOLICITANTE
- LIBRO DE FAMILIA, SÓ NO CASO DE MENORES DE IDADE NA UNIDADE DE CONVIVENCIA
- INFORME MÉDICO DE CONDICIÓNNS DE SAÚDE SEGUNDO O MODELO ANEXO 2
- INFORMES COMPLEMENTARIOS E EMITIDOS POLOS PROFESIONAIS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNNS PÚBLICAS QUE TRATEN HABITUALMENTE Á PERSOA SOLICITANTE, ENTIDADES E ASOCIACIÓNNS SEN ÁNIMO DE LUCRO NO ÁMBITO DA DISCAPACIDADE
- CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE E /OU CERTIFICADO DO GRAO DE DEPENDENCIA ,CANDO PROCEDA
- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O MODELO ANEXO 1.D DE NON TER DEREITO A RECIBIR UN SERVIZO SIMILAR DOUTRA ENTIDADE (ONCE, MUFACE , ISFAS...)
- DECLARACIÓN DE INGRESOS SEGUNDO O MODELO DO ANEXO 1.B DA PERSOA SOLICITANTE E 1.C DAS PERSOAS QUE CONFORMAN A UNIDADE DE CONVIVENCIA
- XUSTIFICANTE DE INGRESOS ECONÓMICOS DA PERSOA SOLICITANTE E DO RESTO DAS PERSOAS QUE CONFORMAN A UNIDADE DE CONVIVENCIA :
- Certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de Nivel de Renda de cada un dos membros da unidad de convivencia maior de idade, ou no caso que no se estivese obrigado a presentar a declaración do IRPF segundo a normativa correspondente, certificado de imputacións de renda declarados por terceiros expedido pola mesma Axencia. Os certificados achegados non poderán ter una antigüidade maior de un mes dende a data de presentación da solicitude.  
Non será necesaria a achega desta documentación no caso de que a persoa solicitante e as que conforman a unidad de convivencia autoricen ao Concello de Orosa a solicitar telematicamente os devanditos certificados mediante o impreso previsto no Anexo 7
- Certificación da titularidade de bens inmóbiles (só no caso de non autorizar a súa consulta)
- Certificado ou documentación acreditativa de todos os ingresos procedentes de pensións, salarios , prestacións , subsidios ou outros bens que posúan.
- Certificado bancario de depósitos valores e saldos de contas do ultimo trimestre do ano ou a 31 de decembro do ano anterior

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

- Tarxeta de demanda de emprego cando sexa de aplicación
- De ser o caso, contrato de aluguer da vivenda e último recibo vencido
- AUTORIZACIÓN DO/A SOLICITANTE PARA A DOMICILIACIÓN BANCARIA DO COBRO DA TAXA
- OUTROS QUE LLE POIDAN SER REQUERIDOS COA FINALIDADE DE ACREDITAR A SUA SITUACIÓN DE SAÚDE, FAMILIAR, SOCIAL E ECONÓMICA -----

OROSO



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>- Ordenanza do servizo de axuda no fogar do Concello de Oroso(BOP nº do de 201?)</p>	<p>Oroso , de</p> <p>SINATURA DO SOLICITANTEOU REPRESENTANTE LEGAL</p> <p>Asdo:</p>
--	---

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

**Anexo 1.B**  
**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**  
**DECLARACIÓN DE INGRESOS**

O/A Solicitante  ou representante legal / gardador de feito  D./D<sup>a</sup>-----  
 con DNI -----

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE :**  
 Que os ingresos persoais do/a solicitante son os que se citan

<b>INGRESOS NETOS</b> (pensiones, prestaciones económicas ,retribucións ...)	
<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTIA ANUAL</b>
<b>CAPITAL MOBILIARIO</b> (xuros ,venda de valores, letras do tesouro.../acciones , contas correntes ...)	
<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTIA ANUAL / VALOR DE PATRIMONIO</b>
<b>OUTROS RENDIMENTOS</b> (capital inmobiliario, actividades económicas....)	
<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTIA ANUAL</b>
<b>GANANCIAS E PERDAS PATRIMONIAIS</b> (venda de acciones , venda de immobies, reembolso de fondos de investimento...)	
<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTIA ANUAL</b>
<b>BENS INMOBLES</b>	
<b>CONCEPTO</b>	<b>VALOR CATASTRAL</b>

OROSO



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,

Federico Suárez Cancelo

<b>TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS</b> (transmisións patrimoniais a título oneroso ou gratuito nos últimos 5 anos)	
TERCEIROS INTERVENIENTES NESTES ACTOS	VALOR CATASTRAL

Orosa , de 201

Asdo:

**Anexo 1.C****Que os ingresos das persoas convivientes son os que se citan :**

NOME	PARENTESCO	DNI

<b>INGRESOS NETOS</b> (pensiones, prestacións económicas ,retribucións ...)	
CONCEPTO	CONTÍA ANUAL
<b>CAPITAL MOBILIARIO</b> (xuros ,venda de valores, letras do tesouro.../acccións , contas correntes ...)	
CONCEPTO	CONTIA ANUAL / VALOR DE PATRIMONIO
<b>OUTROS RENDIMENTOS</b> (capital inmobiliario, actividades económicas...)	
CONCEPTO	CONTIA ANUAL

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

**GANANCIAS E PERDAS PATRIMONIAIS** (venda de accións , venda de inmobilés, reembolso de fondos de investimento...)

<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTIA ANUAL</b>
<b>BENS INMOBLES</b>	
<b>CONCEPTO</b>	<b>VALOR CATASTRAL</b>
<b>TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS</b> (transmisións patrimoniais a título oneroso ou gratuito nos últimos 5 anos)	
<b>TERCEIROS INTERVENIENTES NESTES ACTOS</b>	<b>VALOR CATASTRAL</b>

Oroso, de 201

Asdo:

**Anexo 1-D**

D./D<sup>a</sup> ----- con DNI  
 /NIE-----

Manifesto non percibir outros servizos e prestacións de análogo contido ou finalidade recoñecidos por calquera entidade pública ou privada

Oroso, a de de 201

O/A solicitante ou representante legal,  
 Asdo.:

**Anexo 2.A  
INFORME MÉDICO**

NOME E APELIDOS DO/A DOUTOR/A	Nº COLEXIADO/A
MOTIVO: Solicitude do servizo de axuda no fogar	TELÉFONO: Fixo:
Centro de.....	saúde

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fixo: Móbil:

**1. SITUACIÓN FÍSICA/SENSORIAL:**

	OBSERVACIONES/VALORACIÓN
<b>Ten limitacións no campo visual e ou auditivo:</b>	
<input type="checkbox"/> NON (0) <input type="checkbox"/> Leves (1) <input type="checkbox"/> Importantes (2) <input type="checkbox"/> Totais (3)	
<b>Ten incontinencia:</b>	
<input type="checkbox"/> NON (0) <input type="checkbox"/> Ocasional (1) <input type="checkbox"/> Frecuente (2) <input checked="" type="checkbox"/> Permanente (3)	
<b>Ten dificultade no manexo das extremidades superiores:</b>	
<input type="checkbox"/> NON (0) <input type="checkbox"/> Leves (1) <input type="checkbox"/> Importantes (2) <input type="checkbox"/> Totais (3)	
<b>Ten dificultade no manexo das extremidades inferiores:</b>	
<input type="checkbox"/> NON (0) <input type="checkbox"/> Leves (1)	

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

<input type="checkbox"/> Importantes (2)	
<input type="checkbox"/> Totais (3)	
<b>Ten dificultades respiratorias:</b>	
<input type="checkbox"/> NON(0)	
<input type="checkbox"/> Leve(1)	
<input type="checkbox"/> Moderada (2)	
<input type="checkbox"/> Severa (3)	
<b>A persoa atópase inmovilizada na cama, necesitando coidados de maneira permanente<sup>1</sup></b>	
<input type="checkbox"/> SI (3)	
<input type="checkbox"/> NON(0)	

**Anexo 2.B****2. SITUACIÓN PSÍQUICA:**

	<b>OBSERVACIÓN/VALORACIÓN</b>
<b>Ten desorientación temporo-espacial</b>	
<input type="checkbox"/> NON(0)	
<input type="checkbox"/> Leve ou de forma esporádica (1)	
<input type="checkbox"/> Importante ou de forma habitual (2)	
<input type="checkbox"/> Desorientación total (3)	
<b>Ten incoherencias na comunicación</b>	
<input type="checkbox"/> NON (0)	
<input type="checkbox"/> Lixeiras (1)	
<input type="checkbox"/> Frecuentes (2)	
<input type="checkbox"/> Totais (3)	
<b>Ten trastornos da memoria</b>	
<input type="checkbox"/> NON (0)	
<input type="checkbox"/> Leves (1)	
<input type="checkbox"/> Moderados (2)	
<input type="checkbox"/> Graves (3)	
<b>Ten trastornos da conduta</b>	
<input type="checkbox"/> NON	
<input type="checkbox"/> Leves	

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo

<input type="checkbox"/> Moderados	
<input type="checkbox"/> Graves	
<b>Ten diagnosticada algunha enfermidade mental</b>	
